



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CERCEDA

Bases da convocatoria de subvencións municipais a deportistas, entidades culturais, deportivas e anpas para a realización de actividades

BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN MUNICIPAIS DESTINADAS A DEPORTISTAS, ENTIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E ANPAS DO CONCELLO DE CERCEDA PARA O ANO 2024

1- Obxecto, condicións e finalidade.

As presentes bases recollen a convocatoria das SUBVENCIÓN MUNICIPAIS DESTINADAS A DEPORTISTAS E ENTIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E ANPAS DO CONCELLO DE CERCEDA para realizar actividades durante o ano 2024.

1.1-. Convócanse a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, por parte do Concello de Cerceda ás entidades culturais e deportivas, deportistas e ANPAS ao amparo da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cerceda (BOP nº120, 26 de xuño de 2014), e con cargo ás partidas orzamentarias que a continuación se especifican, e co límite da súa consignación orzamentaria:

Aplicación orzamentaria límite orzamentario para o ano 2024:

ACTIVIDADES CULTURAIS ANPAS	334.48000	16.000,00 euros
ACTIVIDADES DEPORTIVAS DEPORTISTAS	341.48000	100.000,00 euros

1.2-. Serán obxecto desta subvención a promoción e impulso de actividades desenvoltas dentro do ámbito municipal, fomentando a utilidade pública ou o interese social, con carácter cultural, educativo e deportivo, fomentando o uso activo e creativo do ocio, a difusión e a posta en valor de todas as manifestacións da cultura popular galega, promover as actividades deportivas vencelladas ao coidado da saúde e a dinamización da igualdade e apoiar as carreiras dos e das deportistas de Cerceda, agás aquelas que sexan consecuencia de intercambios deportivos ou culturais ou a participación en campionatos.

1.3-. Fóra do termo municipal, no caso dos/as deportistas deberán acreditar documentalmente a participación efectiva nas competicións/xornadas/campus deportivos nos que se queiran xustificar gastos de desprazamento, aloxamento e/ou manutención mediante os correspondentes xustificantes de asistencia ou participación.

1.4-. Non se subvencionarán os gastos, como comida ou bebidas, destinados a organización dos campionatos ou actividades para as que se solicita a subvención.

Os gastos susceptibles de subvención serán os que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro 2023 e o 31 de decembro de 2024.

2- Entidades ou persoas beneficiarias

2.1-. Poderán ser beneficiarias as entidades públicas ou privadas que estean na situación que fundamenta a concesión da subvención, que cumpran o disposto no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Lei de Subvencións Xeral que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar debidamente inscritas no rexistro municipal de asociacións e entidades do Concello de Cerceda ou telo solicitado na data da petición.
- Estar ao corrente da xustificación das subvencións concedidas no exercicio anterior ou ter solicitada unha prórroga debidamente xustificada e aprobada.
- Estar ao corrente coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Cerceda.
- Poderán participar nesta convocatoria as e os deportistas de Cerceda non profesionais que destaquen por resultados en competicións oficiais e que estean en posesión da correspondente licenza federativa, e, empadroados/as no Concello de Cerceda cunha antigüidade de, polo menos, dous anos consecutivos, ao momento da solicitude.

2.2.- Non poderán acceder á concesión das subvencións municipais reguladas na presente convocatoria as seguintes entidades:

- a) As entidades que por resolución firme fosen sancionadas por incumpriren as condicións previstas na autorización precisa para desenvolveren a actividade.
- b) As entidades que se beneficien dunha subvención nominativa no orzamento do exercicio 2023-2024 para esta mesma finalidade.
- c) As entidades que perdesen o dereito a obter as subvencións como consecuencia do procedemento sancionador correspondente, e polo prazo establecido na resolución.
- d) As entidades que, en virtude da normativa vixente, teñan limitado ou suprimido este dereito, e, especificamente, os recollidos no artigo 13 da Lei 38/2003, 17 novembro, Xeneral de Subvencións.

3.- Presentación de solicitudes, prazos e documentación

1. As entidades culturais ou deportivas, os/as deportistas non profesionais e ANPAS deberán solicitar a subvención no prazo de 15 días contados a partir da publicación no BOP, ben por presentación telemática na Sede electrónica municipal do Concello de Cerceda (<https://sede.cerceda.es>) ou presencial no Rexistro xeral do Concello de Cerceda e demais formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común.

2. Deberá presentarse a solicitude segundo o modelo, que se facilitará nas oficinas municipais, e se atopará na páxina web municipal ou na Sede Electrónica Municipal, e que inclúe:

1. Anexo I. Modelo de solicitude.
2. Unha memoria explicativa da actividade ou investimento do gasto realizado ou previsible a realizar. O período para o desenvolvemento destas actividades/investimento abarcará dende o 1 de xaneiro 2023 ao 31 de decembro do ano 2024.
3. O orzamento de ingresos e de gastos da actividade para que se solicita a subvención. Este documento reflexa unha previsión, e non incluirá, en ningún caso, o importe da axuda solicitada.
4. Modelo de declaración de:
 - I. Outras subvencións solicitadas e/ou concedidas por outros organismos públicos ou privados para o mesmo fin.
 - II. Non estar incurso en ningunha das prohibicións sinalas nos números 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, 17 novembro, Xeneral de Subvencións.
 - III. Non ter pendente ningún pagamento de reintegro de subvencións, públicas e privadas, tal e como esixe o artigo 25 do Regulamento da Lei 38/2003, 17 novembro, Xeneral de Subvencións.
5. Declaración dos/as membros das Xuntas directivas das entidades, a cumprimentar únicamente no caso de que houbera algún cambio na composición da mesma que non conste no rexistro de asociacións municipais.
6. Autorización ao Concello de Cerceda, para que, conforme o disposto no artigo 2.4 da Orde do Ministerio de Economía e Facenda, do 18 de novembro de 1999, que solicite á Axencia Tributaria estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración tributaria e coa Seguridade Social, da anualidade correspondente.
7. Autorización para a difusión de datos e da imaxe.
8. **Historial deportivo da anualidade anterior, e proxecto deportivo da anualidade para a que se solicita a axuda, a cumprimentar únicamente polos deportistas profesionais que soliciten a subvención.**

3. Se a solicitude non reunise todos os datos de identificación da entidade solicitante ou a persoa solicitante non presentase toda a documentación esixida nestas bases, requiriráselle á entidade solicitante ou a persoa física para que corrixa a falta ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo improrrogable de 10 días naturais. No requirimento apercibirase de que, se non o fixese, terase por desistida a súa petición logo dunha resolución e de acordo co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e mais na Lei 38/2003, 17 novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarta.-Órgano de Instrución. Comisión de valoración. Órgano resolutorio do procedemento

1. Corresponde a instrución do procedemento á Concellería de Cultura e Educación do Concello de Cerceda.
2. Corresponderá a avaliación das solicitudes presentadas á comisión de valoración que estará integrada por: Dous/as concelleiros/as da Corporación Municipal e un/ha Técnico/a da Área.

3. O órgano competente para a resolución do procedemento é a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía -Presidencia, mediante Decreto 646/2023, de 12/07/2023(BOP número 155, do 16/08/2023)

Quinta.- Prazo de resolución. Notificación. Publicidade.

A resolución do procedemento ditarase no prazo máximo de dous meses dende a finalización do período de solicitude. Nos 7 días hábiles seguintes, procederase á publicación da mesma na páxina web do Concello de Cerceda e no taboleiro de edictos. A notificación realizarase de cordo co establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía- Presidencia no prazo dun mes a contar dende a data seguinte de notificación da publicación da resolución; ou ben, directamente, recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo correspondente.

A publicidade da concesión das subvencións seguirá o disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cerceda (BOP núm. 20, de 26 de xuño de 2014).

Así mesmo, remitirase a información precisa á BDNS para a súa publicación, de acordo co artigo 20.8 da Lei 38/2003, 17 novembro, Xeneral de Subvencións.

Sexta.- Criterios de valoración

Ao abeiro do artigo 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cerceda (BOP núm. 120, de 26 de xuño de 2014) os criterios de valoración serán os seguintes e a súa ponderación relativa:

6.1. Subvencións ás Entidades culturais/deportivas:

- a) Grado de interese social ou sectorial da actividade que se propoña (Máx. 10 puntos)
- b) Grado de representatividade no municipio da asociación beneficiaria (Máx. 20 puntos):
 - Entidades de 100 ou máis socios/as (10 puntos)
 - Entidades de menos de 100 socios/as (5 puntos)
 - Gozarán de especial consideración aquelas actividades que se aborden conxuntamente por varias entidades (10 puntos)
- c) Grado de coordinación e complementariedade cos programas municipais en cada sector de actividade (Máx. 10 puntos)
- d) Número estimado de beneficiarios/as, tanto directos como indirectos (Máx. 10 puntos)
- e) A capacidade económica do solicitante e as axudas que reciban doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade (Máx. 5 puntos)
- f) O carácter permanente ou periódico da actividade subvencionable, agás que se trate de actos puntuais e de carácter extraordinario que inciten á participación social, cultural ou deportiva (Máx. 5 puntos)
- g) Calquera comunicación ou publicación das accións desenvolvidas ou calquera información ou materiais de promoción subvencionadas polo Concello de Cerceda, deberán incluír o logotipo do Concello de Cerceda nun lugar que destaque axeitadamente (Máx.10 puntos)

6.2. Subvencións a Deportistas non profesionais:

- a) Proxecto deportivo para a tempada 2024 (nivel, categoría e número de competicións) (Máx. 10 puntos)
- b) Participación en competicións no ano 2023: número, nivel (autonómico, provincial,...) e categoría (Máx. 10 puntos)
- c) Resultados obtidos pola/o deportista no ano 2023: Primeiros, segundos e terceiros premios (Máx. 10 puntos)
- d) Recoñecemento do/a deportista galego/a de alto nivel segundo Resolución da Secretaría Xeral para o Deporte (Máx. 5 puntos)
- e) Valorar as/os deportistas daquelas disciplinas que non teñan representación en clubs deportivos a nivel local (Máx. 5 puntos)

Sétima.- Xustificación das axudas concedidas

1. Será de aplicación o Réxime de xustificación das subvencións recollido no Título IV da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cerceda, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 120, de 26 de xuño de 2014.

2. O prazo límite de xustificación das axudas concedidas remata **30 días despois da firma do convenio entre a entidade e o Concello de Cerceda.**

3. As entidades e as persoas físicas beneficiarias das ditas subvencións deberán xustificar a subvención concedida co modelo de xustificación que se indica, e que incluirá:

1. Anexo II. Modelo de solicitude de xustificación.
2. Certificado/documentación acreditativa da conta corrente bancaria a nome do beneficiario (no caso de ser aportado coa solicitude do Anexo I)
3. Documentos xustificativos do gasto realizado. (Facturas orixinais onde se incluirá o nome ou razón social e NIF da empresa que factura, a identificación da entidade con NIF correspondente, a data de emisión, o importe total, indicando o IVE aplicado, a mais os xustificantes bancarios acreditativos dos pagos das mesmas) Todas as facturas deben ter data da anualidade que se está a xustificar.
4. Modelo de declaración responsable.
 - I. Outras subvencións solicitadas e/ou concedidas por outros organismos públicos ou privados para o mesmo fin.
 - II. Que o solicitante está o corrente de se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social, tal e como esixe o artigo 14.e) da Lei 38/2003, 17 novembro, Xeral de Subvencións, e o artigo 24.4. Regulamento da Lei 38/2003, 17 novembro Xeral de Subvencións. **(No caso de que a subvención concedida supere os 3.000,00 euros, esta declaración terá que substituírse polo certificado correspondente da Axencia Tributaria) .**
 - III. Non estar incurso en ningunha das prohibicións sinaladas nos números 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, 17 novembro, Xeneral de Subvencións.
 - IV. Non ter pendente ningún pagamento de reintegro de subvencións, públicas e privadas, tal e como esixe o artigo 25 do Regulamento da Lei 38/2003, 17 novembro, Xeneral de Subvencións.
5. A xustificación do custo real total da actividade subvencionada (Incluíranse a relación de todos os gastos efectuados e pagados da actividade subvencionada, reflexando tamén os ingresos que se obtiveran doutra subvencións, as aportacións de socios ou ingresos publicitarios ou de colaboración). **A este efecto deberá aportar o extracto da conta bancaria, que reflexe ditos datos.**

Oitava.-Será de aplicación a esta convocatoria, a Lei 38/2003, 17 novembro, Xeneral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, que aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, no seu caso, e a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cerceda (BOP núm. 120, de 26 de xuño de 2014).

Cerceda 20 de maio de 2024.

O alcalde-presidente,

Juan Manuel Rodríguez García

2024/4305